



Francisco Sineiro. Investigador *ad honorem* da USC

Resultados e incumprimentos do Acordo de 2015

► O SECTOR SEGUE ESTANDO NUNHA SITUACIÓN INESTABLE AO NON BENEFICIARSE DA RECUPERACIÓN DOS PREZOS DURANTE OS PERÍODOS DE BONANZA

En setembro de 2015 asinouose o denominado Acordo de Sustentabilidade do Sector Lácteo promovido polo Ministerio de Agricultura, que contou coa aprobación da maior parte das industrias e a distribución alimentaria, así como dalgunhas das organizacións agrarias. Cando transcorreron máis de dous anos, os resultados son moi escasos e seguen sen cumprirse a maioría dos compromisos asinados, sobre todo, na súa parte esencial de dotar ao sector dun marco de sustentabilidade que axude a mellorar a súa viabilidade futura na nova situación dun mercado moi inestable ao eliminarse a última medida de regulación que proporcionaban as cotas.

Nun artigo publicado por entón xa estimaba que o acordo era insuficiente porque non resolvía os tres problemas específicos existentes no sector lácteo en España e, ademais, porque os compromisos asinados non contaban coas garantías adecuadas para o seu cumprimento e seguimento dos resultados. Desgraciadamente os problemas básicos seguen estando sen resolver, tal como nolo demostra a experiencia destes últimos anos cunha crise severa de baixos prezos nos anos 2015 e 2016 e unha recuperación inferior a 4 céntimos con respecto á media da UE en 2017, de modo que o sector segue estando nunha situación inestable ao non beneficiarse da recuperación dos prezos durante os períodos de bonanza e seguir arrastrando as mesmas debilidades ante posibles crises de baixos prezos que, por desgraza, se poden repetir no futuro.

Hai tres problemas específicos que seguen estando vixentes. Primeiro, o uso abusivo do leite envasado como produto reclamo por parte da distribución, con ofertas de marcas brancas (MDD) que seguen estando entre 0,55 e 0,57 euros por litro e, por tanto, sen conseguir elevar sensiblemente eses baixos prezos. Este problema é importante porque o volume de leite vendido baixo estas marcas brancas equivale á cuarta parte da produción española de leite, que pode superar a metade en Galicia, e resulta nunhas marxes reducidas para a industria, que repercuten, á súa vez, nuns prezos baixos para os gandeiros. Os niveis de prezos indicados non se corresponden coa estrutura de custos do produto. En efecto, o último estudo realizado polo Observatorio de Prezos do Ministerio de Agricultura sinalaba un prezo mínimo de venda ao consumo de 0,65 euros como resultado de incorporar os custos da produción, a industrialización e a distribución. Este valor debería ser utilizado como referencia para sinalar a utilización de vendas a perdas e poder establecer as sancións correspondentes. Esta estratexia de baixos prezos do leite MDD favorece unicamente os intereses da distribución atraendo clientes aos seus establecementos, pois as posibles menores marxes obtidas na súa venda compénsanse con prezos máis elevados noutros produtos, polo que non hai un beneficio asegurado para o consumidor no conxunto da súa cesta da compra.

En segundo lugar, está a repartición entre a industria e os gandeiros desamaxe recuperada na venda do leite

MDD. O compromiso xenérico sobre unha distribución máis equilibrada que aparecía no acordo dificilmente se ía cumprir, porque a repartición desamaxe está ligada ao cumprimento efectivo da normativa dos contratos, en especial, de que os prezos sexan negociados entre as partes. Isto só se lograría se existise esa negociación entre as organizacións de produtores e as industrias, algo que se negaron a aceptar nos últimos anos para seguir impoñendo os seus prezos e condicións dos contratos. Este problema tratábase de axudar a solucionar na reforma do paquete lácteo coa prohibición ás industrias de negociar de maneira individual coas explotacións que pertencen a unha organización de produtores, pero aínda está pendente de aprobación o Decreto que regula esta reforma.

O terceiro problema é poñerlle un freo ao aumento do leite comercializado por empresas intermediarias, que ten unha repercusión especial en Galicia por equivaler a un 15 % da nosa produción. Este aumento é favorecido pola estratexia seguida por varias industrias de recollerlles directamente aos gandeiros só unha parte do leite que necesitan e abastecerse do restante por medio da compra a intermediarios. O resultado desta estratexia é unha maior inestabilidade do mercado, con prezos especialmente baixos en perío-

dos de crise, tal como ocorreu en 2015 e boa parte de 2016 con prezos por debaixo de 25 céntimos para boa parte do leite comercializado por empresas intermediarias. Ademais, está pendente de ser aprobado, tamén na reforma do paquete lácteo, o establecemento dunha fianza ás empresas intermediarias como garantía para o pago e a recuperación de débedas aos gandeiros fronte á posible falta de pagamentos.

Os acordos reducíanse a unha serie de compromisos entre as partes, pero sen garantías no seu cumprimento porque eran voluntarios e non se establecían medidas de control e sancións sobre os posibles incumprimentos. Tamén se carecía dun seguimento adecuado dos seus resultados, que quedaba reducido á elaboración dun informe trimestral por parte do Ministerio de Agricultura que tamén se está incumprindo, pois, o último publicado é do primeiro trimestre de 2017.

A etiquetaxe de orixe segue pendente de ser aprobada e, mentres, perden importancia as iniciativas establecidas para reforzar o valor do leite, como son a etiquetaxe PLS de produto lácteo sustentable que aparece nas ofertas a baixo prezo de MDD, como se pode observar na imaxe, onde se inclúe, ademais, a orixe de España sen as garantías debidas no seu control ao estar aínda pendente a regulación da etiquetaxe de orixe. ■

► A ETIQUETAXE DE ORIGE SEGUE PENDENTE DE SER APROBADA E, MENTRES, PERDEN IMPORTANCIA AS INICIATIVAS ESTABLECIDAS PARA REFORZAR O VALOR DO LEITE

